



Programa de Vacacións para o PAS da UDC Curso 2009/2010 - Oferta de primavera e oferta anticipada de verán para Palma de Mallorca

A Universidade da Coruña oferta para o seu persoal de administración e servizos (PAS) do capítulo I un Programa de Vacacións que consiste en ofertar o aloxamento gratuito¹ durante un número variable de noites en aloxamentos diversos. Para participar no intercambio abonda con ser membro do PAS (remunerado con cargo ao capítulo I) da Universidade da Coruña durante o prazo da solicitude e o goce desta axuda, con coñecer e con respectar a normativa e con solicitalo en cada edición. Nesta edición, por vez primeira, ofértanse albergues en que as/os hóspedes deben presentar o carné de alberguista² (cuxo custo vai por conta da persoa titular). Dende a páxina web <http://www.udc.es/persoal/ga/pas/intercambio/> poderase consultar a oferta desta edición e a súa normativa reguladora, así como descargar o modelo de solicitude e comprobar as sucesivas relacións das persoas beneficiarias. Sabemos que hai compañeiros/os que non teñen acceso a internet no seu posto de traballo, polo que pedimos a colaboración de quen si o tiver para imprimir e para colocar no taboleiro do centro unha copia do que aquí publicamos (a oferta, a normativa e mais a listaxe de residencias e solicitudes).

A UDC oferta gratuitamente só o aloxamento, polo que quedan baixo a responsabilidade e cargo económico da persoa beneficiaria da axuda os gastos extras (teléfono, lavandaría, garaxe, manutención etc) e os danos ou estragos que puider ocasionar na residencia ela mesma ou calquera dos seus acompañantes. En canto á limpeza dos cuartos, todos os cuartos deben estar limpos á chegada e é a residencia a que limpa o cuarto na metade da quenda agás nos apartamentos ou bungalós en que a limpeza durante a quenda é por conta da/o hóspede. Nas conserxarías da residencia informan de onde atopar as vasoiras ou outros produtos de limpeza) mais tamén recomendamos levar un pequeno paquete de limpeza (baeta, pano de secar, estropallo e lavalouza), mantel, panos de mesa e bolsas para o lixo.

As quendas nos destinos intercambiados con outras universidades non poden variarse. A reserva por un período maior do ofertado será por conta propia da persoa beneficiaria. Cómpre lembrar que aceptar unha praza supón comprometerse a utilizar o(s) cuarto(s) durante todas as noites da quenda que acepta e para todas as persoas para quen obtivo praza; por iso, cómpre lembrar tamén que se a Comisión para o Programa de Vacacións para o PAS da UDC detecta que alguén fai un uso fraudulento das prazas obtidas, penalizará esa persoa coa súa exclusión do Programa de Vacacións para o PAS da UDC) durante un tempo variable en función da falta cometida:

- Quince anos: se as prazas foron ocupadas por persoas non autorizadas.
 - Dez anos: se a persoa titular non utilizou as prazas obtidas sen ningún tipo de aviso á UDC.
 - Cinco anos: se a persoa titular renuncia fóra de prazo sen xustificación probada.
 - Un ano por cada día que, sen xustificación probada, a persoa titular e/ou quen a acompañar non faga uso do aloxamento, quer por chegar máis tarde, quer por saír antes da quenda que aceptara.
- Calquera outro mal uso das prazas obtidas, será valorado pola Comisión.

Con este sistema de penalizacións procúrase a responsabilidade das persoas beneficiarias e incentívase a solidariedade, xa que se as prazas renunciadas se cobren regulamentariamente, non hai penalización. De feito o ano pasado perdéronse moi poucas prazas, posto que a maioría das renunciadas se fixeron en prazo e, aínda que houbo renunciadas fóra de prazo, o feito de comunicar –e case sempre xustificar- os impedimentos para ir aos destinos concedidos, facilitou a oferta das prazas, que se foron cubrindo coa lista de agarda ou tras ofertalas vía internet. Téñase en conta que con canta máis antelación se comunique a renuncia máis doada é a cobertura das prazas renunciadas, do mesmo xeito que solicitar un destino con moita demanda reduce as posibilidades de resultar beneficiaria/o e agranda a lista de agarda, mais a quen lle toca conta con maior salvagarda por se lle sobrevén un impedimento fóra do prazo de renuncia. Precisamente, para contar coa colaboración de todas as persoas participantes, a Comisión acordou non penalizar aquelas renunciadas feitas fóra de prazo que finalmente se cubran. Por tanto, a quen renuncie fóra de prazo interesáralle colaborar na cobertura das prazas renunciadas e facer o labor de animación a novas/os solicitantes cando non sexa posible cubrilas coa lista de agarda.

¹ A UDC só oferta a gratuidade do aloxamento, mais a persoa beneficiaria farase cargo de calquera outro gasto que puider xerar durante a súa estada (aparcadoiro, manutención, lavandaría, estragos etc).

Cando algunha residencia oferte de balde algún servizo sinalárase expresamente a gratuidade deste nas características (por exemplo, de ser o caso, “almorzo gratuito” ou “almorzo de balde”) mais se entre as características recollidas na convocatoria constase, por exemplo, que a residencia dispón de aparcadoiro, non quere dicir que este sexa gratuito, polo que a persoa interesada debe consultarlle á residencia se o aparcamento é libre ou de pagamento, ou, mesmo, se ten que reservalo (ocorre cando o aparcadoiro é reducido, caso da residencia Campus del Mar en Barcelona que foi ofertada no 2009).

Polo tanto, enténdanse que as características que se recollen nesta convocatoria son básicas e cómpre consultarlle directamente á residencia aquela información que a cada quen lle interesar (a través das páxinas web, correo electrónico ou teléfono).

² Información sobre o carné de alberguista en:

http://xuventude.net/web/xuventude/turismoxuveni/albergues?p_p_id=92_INSTANCE_t1tk&p_p_action=0&p_p_state=normal&p_p_mode=view&p_p_col_id=column-4&p_p_col_pos=1&p_p_col_count=2&_92_INSTANCE_t1tk_struts_action=%2Fjournal_collection%2Fview&_92_INSTANCE_t1tk_articleId=ARTIGO_176&_92_INSTANCE_t1tk_version=1.0&#p_92_INSTANCE_t1tk

As tarifas da Xunta para o 2010 aínda non se publicaron. Poden consultar as do 2009 no DOG do 20/02/2009:

[http://www.xunta.es/doq/Doq2009.nsf/0e5fb445f3681a75c1257251004b10d790c730133ac7f516c125756200570c43/\\$FILE/03600D003P044.PDF](http://www.xunta.es/doq/Doq2009.nsf/0e5fb445f3681a75c1257251004b10d790c730133ac7f516c125756200570c43/$FILE/03600D003P044.PDF)



Programa de Vacacións para o PAS da UDC Curso 2009/2010 - Oferta de primavera e oferta anticipada de verán para Palma de Mallorca

Como encher a solicitude

Pode participar calquera que teña a condición de PAS da UDC (laborais e funcionarias/os) con cargo ao capítulo I. As prazas obtidas deben ser ocupadas pola persoa titular e as/os acompañantes que indicou na solicitude.

Antes de encher a solicitude, cómpre ler toda esta información para axustar a súa solicitude ao procedemento de adxudicación.

No impreso de solicitude, que aparece como Anexo I, pódese escoller o destino e a quenda.

Prazos e lugar de presentación da solicitude: do **9 ao 11 de febreiro** no Rexistro Xeral da UDC (ou nos rexistros auxiliares de Ferrol e Elviña)

Ademais da propia, poderase solicitar prazas para:

- Un/unha acompañante e fillas/os menores de 25 anos ou persoas ao cargo da/o solicitante³
- Nai e pai

Estas dúas opcións son exclusivas, é dicir: de ir cun acompañante non pode ir cos pais, non sendo que algún destes estiver en situación de dependencia da persoa titular.

Para solicitar máis de dúas prazas debe achegarse coa solicitude unha fotocopia do libro de familia ou acreditación da relación de dependencia.

Se a/o acompañante tamén é PAS da UDC e solicitou praza no mesmo destino e data, convén que se indique o seu nome co fin de lles procurar o mesmo destino e data).

Tamén, por previsión, convén indicar na solicitude o número do documento de identidade da persoa acompañante por se tivese que presentar unha xustificación motivada por tal acompañante (por exemplo: se hai que interromper a estadia porque a/o acompañante sofre un accidente ou lle acontece algo que impida continuar coa estadia).

Convén indicar, así mesmo, un teléfono móbil ou enderezo de correo electrónico que se vaia consultar no tempo das vacacións ou nos días de asuntos particulares, por se temos que comunicar vacantes (é urxente adxudicalas segundo as listaxes de agarda e os datos que se sinalen na solicitude).

Moitas das residencias que se ofertan, como calquera hotel e fóra do Programa de Vacacións para o PAS da UDC, ofrecen a posibilidade de alugar cuartos por conta particular; así que, se alguén tiver interese en conseguir aloxamento para máis acompañantes dos que poida incluír na solicitude ou prolongar a súa estadia, pode consultar esa posibilidade directamente na residencia de destino.

Lembre ter a súa documentación ao día (documento de identidade, etc) e que no estado español pode obter asistencia sanitaria con só presentar a tarxeta sanitaria, mais se viaxa fóra de España é moi importante ter unha cobertura adecuada. Entre os países da Comunidade Económica Europea existe un convenio grazas ao cal se pode recibir atención médica, para iso cómpre que solicite nos centros de información das direccións provinciais do INSS a tarxeta sanitaria europea. Os países en que se aplica o regulamento comunitario ou manteñen convenio de asistencia sanitaria con España son: Alemaña, Andorra, Austria, Bélxica, Brasil, Chile, Dinamarca, Ecuador, Finlandia, Francia, Grecia, Irlanda, Islandia, Italia, Luxemburgo, Marrocos, Noruega, Países Baixos, Panamá, Paraguay, Perú, Portugal, Reino Unido, Suecia, Uruguay, Liechtenstein. Para unha información máis detallada pode chamar ao teléfono da Seguridade Social 900 166 565 ou consultar en www.seg-social.es.

Como se adxudican as prazas

Para configurar o procedemento, tivemos en conta que o prioritario é non perdermos ningunha das prazas ofertadas e que gocen do programa o maior número de persoas (PAS da UDC) posible.

1. As solicitudes clasifícanse por destino/quenda e por opción/prioridade.
2. Retíranse as solicitudes:
 - a. Que indiquen un destino que xa obtivera o titular en sorteos de edicións pasadas do programa de intercambio.
 - b. Que foran presentadas fóra de prazo.
 - c. Que correspondan a persoas penalizadas nos termos anteriormente sinalados⁴.

³ Na solicitude deben incluírse todas as persoas que acompañarán ao solicitante, aínda que non computen praza (por exemplo, as crianzas de tres meses).



Programa de Vacacións para o PAS da UDC Curso 2009/2010 - Oferta de primavera e oferta anticipada de verán para Palma de Mallorca

3. Ordénanse as solicitudes seleccionadas polo tempo que haxa que non gozaron do programa (partindo do 2006 en diante) e logo por orde alfabética a partir da letra que saíu no sorteo da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia (este ano saíu a letra **M**, DOG do 01/02/2010) até cubrir a oferta.

O 22 de febreiro publicarase na páxina web a listaxe provisoria das persoas beneficiarias. Quen o desexar poderá presentar reclamación contra esta listaxe provisoria o día 23 de febreiro mediante escrito asinado que debe enviar á Comisión para o Programa de Vacacións para o PAS da UDC por fax interno 1067 ou por liña externa ao 981 167 011.

O 1 de marzo publicarase a listaxe definitiva das persoas beneficiarias, polo que **entre o 2 e o 3 de marzo estas deberán enviar a calquera dos faxes mencionado o impreso asinado do Anexo II para aceptar ou renunciar ás prazas obtidas** dirixido á Comisión do Programa de Vacacións do PAS da UDC (o modelo deste fax publicarase xunto coa dita listaxe).

Casos específicos:

- As persoas que acepten as prazas en Panxón deben achegar ademais os datos persoais (nome, apelidos e número do documento de identidade) de todas as persoas incluídas na solicitude.
- As persoas que acepten as prazas nun albergue (Porto ou Viana do Castelo) debe achegar unha copia do carné de alberguista (individuais de todas as persoas incluídas na solicitude e/ou familiar) cuxa validez inclúa a quenda aceptada.

Se esta comisión non recibe nese prazo a aceptación dalgunha das persoas que resultaran adxudicatarias, entenderá a respectiva renuncia, sen que isto lle supoña penalización ningunha á persoa afectada. Así mesmo, as renunciadas feitas en prazo permitirán ir adxudicando as prazas renunciadas conforme á listaxe de agarda.

Fóra dese prazo, as renunciadas e as aceptacións das substitucións correspondentes tamén deben enviarse, igualmente, ao fax interno 1067 (ou por liña externa 981 167 011) ou ao enderezo electrónico mmirasm@udc.es.

A persoa solicitante que non obteña ningunha praza, quedará nunha listaxe de agarda para os destinos e as datas que indicou na súa solicitude.

As solicitudes indicadas no punto 2 desta epígrafe teranse en conta, na orde exposta no dito punto, só cando se esgotar a listaxe de agarda.

Durante todo o proceso (dende a solicitude até a fin das quendas desta edición), aquelas persoas que obtiveran prazas nesta edición deberán comunicarnos calquera incidencia (por fax ou por correo electrónico): baixas por enfermidade, finalización do contrato etc que lle impida utilizar a totalidade ou unha parte das prazas concedidas. Neste segundo caso é moi importante que nos envíen a xustificación e a comunicación o antes posible, para así podermos adxudicarlle a praza a outra persoa etc. Outro tipo de incidencias son: solicitar, se for posible, unha adecuación do aloxamento para bebés (berces) ou para persoas con mobilidade reducida; comunicar a falta de adecuación do aloxamento ás características ofertadas (neste caso, ademais convén facelo constar na folla de reclamacións que debe haber na residencia e enviarnos unha copia)...

É preciso que as persoas que no último momento non poidan ir ao destino adxudicado, por causa maior (que deben probar), nos avisen canto antes. Se nestes casos quen renuncia nos informa dunha ou varias persoas (PAS da UDC) que cubran esas prazas (por se xa fose imposible localizar a tempo a xente da listaxe de agarda ou se esta listaxe xa estiver esgotada) e chega a cubrirse a praza renunciada, non se penalizaría a renuncia fóra de prazo.

Aproveitamento das prazas adxudicadas

As prazas son persoais e intransferibles polo que o/a titular ten que identificarse na residencia mediante o documento de identidade. Nos albergues (Porto e Viana do Castelo) esixirán o carné de alberguista de todos os hóspedes.

Recomendamos que avisen á residencia da hora aproximada da súa chegada, alén de levar unha copia das características da residencia (enderezo, teléfono etc) e os teléfonos e o enderezo electrónico das/dos representantes da UDC.

⁴ Duración das penalizacións (antes penalizábase por edicións porque só se facía unha oferta ao ano, mais a partir de agora, que se ofertarán tres períodos por curso académico, entenderanse as penalizacións por anos naturais, de tal xeito que unha persoa, por pórmos un exemplo, que perdera unha noite na estadia do verán de 2008, estará penalizada até o verán de 2009 incluído):

Quince anos: se as prazas foron ocupadas por persoas non autorizadas.

Dez anos: se a persoa titular non utilizou as prazas obtidas sen ningún tipo de aviso á UDC.

Cinco anos: se a persoa titular renuncia fóra de prazo sen xustificación probada.

Un ano por cada día que, sen xustificación probada, a persoa titular e/ou quen a acompañar non faga uso do aloxamento que por cegar tarde, quer por saír antes.

Calquera outro mal uso das prazas obtidas, será valorado pola Comisión.



Programa de Vacacións para o PAS da UDC Curso 2009/2010 - Oferta de primavera e oferta anticipada de verán para Palma de Mallorca

As prazas terán que ser ocupadas no primeiro día do inicio da quenda correspondente; por exemplo, se a quenda adxudicada e aceptada fose do 28 de marzo ao 4 de abril, serían sete noites, polo que debe entrar o día 28 de marzo e saír da residencia o 4 de abril antes das 10.00 h. Se non se presenta o primeiro día da quenda sen avisarnos do atraso, non terá dereito a posibles reclamacións. Convén lembrar que se penaliza un ano por cada noite que, sen xustificación probada, a persoa titular e/ou os seus acompañantes non faga uso do aloxamento quer por chegar tarde, quer por saír antes da quenda. A posibilidade de entrada e de saída antes ou despois da data da quenda solicitada debe ser consultada con anterioridade á adxudicación cos representantes da UDC.

A adxudicación dos cuartos estará en función das dispoñibilidades da residencia. A dirección da residencia efectúa a distribución máis axeitada segundo o número de prazas ou as características das persoas adxudicatarias (caso de precisaren un berce, cuartos adaptados etc).

Cada cuarto terá a roupa da cama e toallas, agás en Morillo de Tou en que si hai roupa de cama mais non hai toallas, que debe levar a/o usuaria/o.

A persoa beneficiaria responsabilizarase dos posibles danos que ocasione ela mesma ou os seus acompañantes no mobiliario dos cuartos e/ou nas instalacións da residencia, e son da súa conta a reposición ou reparación de cantas perdas ou deterioracións se lle imputaren.

A residencia limpará o cuarto no medio da quenda, agás nos apartamentos ou bungalós en que é por conta da/o hóspede (nas conserxarías da residencia informan de onde atopar as vasoiras ou outros produtos de limpeza) mais recomendamos levar un pequeno paquete de limpeza (baeta, pano de secar, estropallo e lavalouza), mantel, panos de mesa e bolsas para o lixo.

Cando os cuartos dispoñen de cociña contan cun pequeno enxoval (cubertos, louza...) e a súa limpeza e a dos seus mobles corre por conta da persoa beneficiaria, quen os debe deixar tal e como os atopou.

Quen desexar formular algunha queixa ou incidencia sobre a residencia, deberá facelo constar no mesmo formulario (ou noutro que se dispoña para o efecto) e entregarnos unha copia en que se sinalen os datos persoais. Ademais, ao final da edición faremos unha enquisa para coñecermos a opinión e a valoración das persoas participantes.

Para máis información, pódese chamar os representantes do programa de vacacións do PAS da UDC.

Representantes do Programa de Vacacións para o PAS da UDC

| | |
|---|--|
| - José Antonio Boado Sexto Edificio Xoana Capdevielle Teléf.: 981 167 000 extensión 5698 Correo electrónico: jboado@udc.es | - Marisol Mirás Mouro Reitoría Teléf.: 981 167 000 extensión 1155 Fax interno: 1067 e 981 167 011 (liña externa) Correo electrónico: mmirasm@udc.es |
| - Cristina Ribao Álvarez Facultade de Informática Teléf.: 981 167 000 extensión 1277 Correo electrónico: mribao@udc.es | - Mayra Sanjuán Pedreira ETS Arquitectura Teléf.: 981 167 000 extensión 5020 Correo electrónico: asanjuan@udc.es |



Programa de Vacacións para o PAS da UDC Curso 2009/2010 - Oferta de primavera e oferta anticipada de verán para Palma de Mallorca

CARACTERÍSTICAS DAS RESIDENCIAS

É importante que comprobemos as características dos cuartos na páxina web da residencia, porque as indicadas nesta convocatoria son características moi xerais e poden variar segundo o tipo de cuarto.

Tanto en Morillo de Tou como en Ligüerre de Cinca hai maior dispoñibilidade de prazas nos apartamentos-bungalós que de cuartos no hotel ou no hostal.

Lembren que nos albergues é imprescindible que todos os hóspedes presenten o carné de alberguista.

| LOCALIDADE | Residencia | Características | Quenda/s |
|-------------------|---|--|---|
| JACA | Residencia Universitaria de Jaca R/ Universidade, 3 22700 Jaca (Huesca) Teléf.: 974 360 196 Fax: 974 355 785 Correo electrónico: resijaca@unizar.es Web: http://www.unizar.es/resijaca/html/inicio.php | <p>Cuartos duplos con baño.</p> <p>Aberto 24 horas. Con vixilancia nocturna. Comedor para o servizo de almuerzo. Non hai cafetería, mais si máquinas de bebidas na sala de TV. Aparcadoiro exterior público alleo á residencia. Sala de televisión e de lectura, xogos e biblioteca. Cambio de roupa de cama e de toallas cada catro días. Lavadora con tiques que se pagan na recepción. Pimpón e pista de baloncesto. Sala gardaesquí.</p> <p>Proximidade ás estacións de esquí das estacións de Cerler, Formigal, Astún, Panticosa e Candanchú.</p> <p>Nesta quenda pódese reservar por conta propia coa tarifa diaria de 50,29 € (IVE incluído) por cuarto duplo con almuerzo incluído.</p> <p>Contan praza os acompañantes maiores de tres anos.</p> | <ul style="list-style-type: none">▪ Do 28 de marzo ao 4 de abril de 2010▪ Do 29 de marzo ao 3 de abril |
| LIGÜERRE DE CINCA | Centro de Vacaciones Ligüerre de Cinca Estrada A-138, Km 28 de Barbastro a Aínsa 22393 Abizanda (Huesca) Teléf.: 974 500 800 Fax: 974 500 830 Web: http://www.liguerredcinca.com | <p>Hotel: cuartos duplos e triplos (para os solicitantes de menos de catro prazas) con baño.</p> <p>Apartamentos situados na vila de Ligüerre de Cinca nas antigas casas rehabilitadas e que manteñen a súa estrutura orixinal. Só os poden solicitar quen estiver interesada/o en catro ou máis prazas⁵ pois teñen capacidade para 4/5 personas: 1 cuarto con 3 camas -unha liteira pregable máis unha cama- e un sofá cama. Equipados con cuarto de baño, cociña, neveira, enxoval de cociña, TV, calefacción, paquete de limpeza e microondas.</p> <p>Restaurante: menú, platos combinados, bufé.</p> <p>Lavadoras: hai que oconsultar na recepción.</p> <p>Caixeiro automático. Cabina telefónica.</p> <p>Segundo a quenda, entrada entre as 16.00 e as 21.00 h e saída antes das 11.00 h.</p> <p>Contan praza os acompañantes maiores de tres anos.</p> | <ul style="list-style-type: none">▪ Do 28 de marzo ao 4 de abril de 2010▪ Do 29 de marzo ao 3 de abril |

⁵ Poden unirse dúas ou máis solicitudes de solicitantes que queiran compartir un mesmo apartamento –en Ligüerre de Cinca- ou bungaló –en Morillo de Tou-. Por exemplo: Nuria Dumas Pedrafita solicita dúas prazas e liga a súa solicitude á de Brais González Rapp que solicita tres prazas, e viceversa; ambos os dous solicitantes fan constar na solicitude que desexan sumar as súas solicitudes para a mesma quenda en Ligüerre de Cinca e con idéntica prioridade. Se lle toca a un/ha dos solicitantes, tamén irá o outro; do mesmo xeito, de resultaren adjudicatarios dun apartamento, a renuncia dun suporía a renuncia do outro, a non ser que propoñan un/ha substituto/a (solicitante do mesmo número de prazas, destino e quenda que tamén queira compartir o mesmo apartamento).



Programa de Vacacións para o PAS da UDC
Curso 2009/2010 - Oferta de primavera
e oferta anticipada de verán para Palma de Mallorca

| LOCALIDADE | Residencia | Características | Quenda/s |
|--------------------------|---|---|--|
| MORILLO DE TOU | Morillo de Tou Estrada A-138 (Barbastro-Aínsa), km 41,8. 22395 Aínsa (Huesca) Teléf.-fax: 974 500 793, 976 200 496 Web: www.morillodetou.com | Hostal: cuartos duplos e tripos (para quen solicitar menos de catro prazas) con baño. Bungalós de catro prazas e casas unifamiliares de seis prazas situados na vila de Morillo de Tou que só os poden solicitar quen solicite catro ou máis prazas ² . Equipados con cuarto de baño, cociña, neveira, enxoval de cociña, TV, calefacción, paquete de limpeza e microondas. As toallas deben levarlas os propios usuarios. Restaurante: menú, pratos combinados, bufé, almuerzo (adulto: 6,10 €, infantil: 4,5 €), MP (adulto: 16,10 €, infantil: 12,10 €) e PC (adulto: 24,85 €, infantil: 18,65 €). Lavadoras: haino que consultar na recepción. Zona de internet sen fíos (<i>wifi</i>). Pistas deportivas. Visión global en www.morillodetou.com . Aberto tamén a reservas particulares. Segundo a quenda, entrada entre as 16.00 e as 21.00 h e saída antes das 11.00 h. Contan praza os acompañantes maiores de tres anos. | <ul style="list-style-type: none">▪ Do 28 de marzo ao 4 de abril de 2010▪ Do 29 de marzo ao 3 de abril |
| PALMA DE MALLORCA | Residencia Bartomeu Rosselló-Pòrcel Estrada Valldemossa, Km 7,5 07071 Palma de Mallorca Teléfs.: 971 172 600 (recepción) e 971 439 580 (cuartos) Fax: 971 173 216 Web: http://www.uib.es/fuguib/residencia/index.html | Cuartos individuais e duplos con liteiras, con aseo e ducha. Posibilidade de almuerzo e de cea (prezos por determinar). Cafetería no campus Aberto 24 horas. Situado a 7,5 km de Palma, necesítase coche para chegar (oferta especial de aluguer de coches para o intercambio). O centro dispón de acceso para persoas con mobilidade reducida. Teléfono en cada cuarto. Aparcadoiro exterior. Máquinas expendedoras. Sala de televisión, de lectura e aula informática. Lavadoras, secadoras e ferro de pasar (prezos por determinar). Cambio de toallas cada tres días. Posibilidade de empregar instalacións deportivas (piscina e ximnasio: a prezos moi vantaxosos). Non poderá renunciarse as prazas en Palma de Mallorca despois de telas aceptado. Contan praza os acompañantes maiores de tres anos. | <ul style="list-style-type: none">▪ Do 2 ao 9 de agosto▪ Do 9 ao 16 de agosto▪ Do 16 ao 23 de agosto▪ Do 23 ao 30 de agosto |
| PANXÓN | Residencia de Tempo Libre Rúa Cansadoura, 2 (praia de Patos) 36340 Panxón-Nigrán (Pontevedra) Teléf.: 986 365 125 Fax: 986 368 233 | Cuartos duplos con baño. Pensión completa (almuerzo: das 9.00 ás 10.00 h; xantar: das 14.00 ás 15.00 h; cea: das 20.30 ás 21.00 h). Cafetería, autoservizo, sala de papas, aparcadoiro, salas de estar, TV e vídeo, biblioteca, sala de xogos. Recinto axardinado, parque infantil. Aberto 24 horas. Entrada da quenda entre as 16.00 e 21.00 h do domingo 28 de marzo; de non ser así, deberá comunicalo por teléfono para non perder o cuarto. Saída o domingo 4 de abril antes das 11.00 h. Contan praza os acompañantes maiores de tres anos. | <ul style="list-style-type: none">▪ Do 28 de marzo ao 4 de abril de 2010 |



Programa de Vacacións para o PAS da UDC
Curso 2009/2010 - Oferta de primavera
e oferta anticipada de verán para Palma de Mallorca

| LOCALIDADE | Residencia | Características | Quenda/s |
|-------------------------------------|---|--|--|
| PORTO[∇] | Pousada de Juventude Porto Rua Paulo da Gama, 551 4169-006 Porto GPS 41°8'53,14"N; 8°39'33,92"W Tfno. + 351 226 177 257 Fax: +351 217 232 101 http://juventude.gov.pt/Portal/Lazer/pt/PPorto.htm | Cuartos duplos con baño. Non se permite comer, beber nin fumar nos cuartos. Limpeza diaria (entre as 12.00 e as 18.00 h. Debe respectarse o silencio a partir das 24.00 h. Albergue: aberto as 24 horas, adaptado para cadeiras de rodas, elevador, sala de TV, cociña para hóspedes, salas comúns, conexión a internet, cafetería, servizo de comidas, sala de xogos, terraza. Teléfono. Almorzo de balde (das 8.30 h ás 10.00 h) Entrada: das 18.00 h ás 24.00 h. Saída: a partir das 12.00 h. Contan praza os acompañantes maiores de tres anos. | ▪ Do 30 de marzo ao 4 de abril de 2010 |
| SANTILLANA DEL MAR | Hospedería Santillana R/ Los Hornos, 14 - 39330 Santillana del Mar (Cantabria) Tfno. 942 818 803 / 942 818 250 Fax: 942 818 831 Coordenadas GPS: 43° 23' 35.23" N; 4° 6' 28.58" W Web: http://www.hospederiasantillana.es/ | Cuartos duplos con baño, secador de pelo, calefacción, televisión, wifi. Limpeza diaria. Hospedaría: recepción diaria, salón social, sala de lectura, internet sen fíos de balde; comedor de almorzos (onde hai un microondas e unha pequena neveira); zona de xogos, terraza, patio, piscina, pista de tenis no camping deste complexo turístico. Aparcadoiro e almorzo de balde. Media pensión 13,91 €. Pensión completa: 26.75 € Contan praza todas/os indicados na solicitude, agás os bebés que compartan cama cos pais ou que leven o berce de viaxe propio (aínda así hai que incluílo na solicitude). | ▪ Do 28 de marzo ao 2 de abril de 2010 |
| VIANA DO CASTELO[∇] | Pousada da Juventude Viana do Castelo Rua de Limia 4900-405 Viana do Castelo Tfno. 00351 258 800 458 Fax: 00351 217 232 101 Coordenadas GPS: 41°41'44,93"N; 8°49'5,47"W http://juventude.gov.pt/Portal/Lazer/pt/PViana_do_Castelo.htm | Cuartos duplos con baño. Non se permite comer, beber nin fumar nos cuartos. Limpeza diaria (entre as 12.00 e as 18.00 h). Debe respectarse o silencio a partir das 24.00 h. Albergue: aberto as 24 horas, adaptado para cadeiras de rodas, elevador, sala de TV, cociña para hóspedes, salas comúns, servizo de lavandaría, conexión a internet, cafetería, servizo de comidas, sala de xogos, xardín e patio de xogos. Aparcadoiro de balde en fronte. Almorzo de balde (das 8.30 h. ás 10.00 h). Entrada: das 18.00 h ás 24.00 h. Saída: a partir das 12.00 h. Contan praza os acompañantes maiores de tres anos. | ▪ Do 30 de marzo ao 4 de abril de 2010 |

[∇] Lembre que no estado español pode obter asistencia sanitaria con só presentar a tarxeta sanitaria, mais se viaxa fóra de España é moi importante ter unha cobertura adecuada. Entre os países da Comunidade Económica Europea existe un convenio grazas ao cal se pode recibir atención médica, para iso cómpre que solicite nos centros de información das direccións provinciais do INSS a tarxeta sanitaria europea. Os países nos que se aplica o regulamento comunitario ou manteñen convenio de asistencia sanitaria con España son: Alemaña, Andorra, Austria, Bélxica, Brasil, Chile, Dinamarca, Ecuador, Finlandia, Francia, Grecia, Irlanda, Islandia, Italia, Luxemburgo, Marrocos, Noruega, Países Baixos, Panamá, Paraguai, Perú, Portugal, Reino Unido, Suecia, Uruguay, Liechtenstein. Para unha información máis detallada pode chamar ao teléfono da Seguridade Social 900 166 565 ou consultar en www.seg-social.es.



**Programa de Vacacións para o PAS da UDC
Curso 2009/2010 - Oferta de primavera
e oferta anticipada de verán para Palma de Mallorca**

Anexo I

Solicitud

(espazo para o rexistro)

| | | | |
|--|---|--|--|
| Nome | | Número do documento oficial de identidade: | |
| Apelidos | | | |
| Posto que ocupa | | Extensión telefónica | |
| Centro ou dependencia | | Fax interno | |
| Teléfono/s particular/es | - | Enderezo electrónico: | |
| Dende o 2006 incluído, a última vez que gocei deste programa foi | | | |

| | | |
|---|---|------------------|
| | | Número de prazas |
| Solicito unha praza para min | | 1 |
| e ademais para | 1. Un/unha acompañante Número do documento oficial de identidade da persoa acompañante: É PAS da UDC?: Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/> | |
| | 2. Pai e nai | |
| | 3. Fillas/os Indique a idade da/os fillas/fillos: | |
| | 4. Persoa/s dependentes | |
| para o que, con esta solicitude achego a seguinte documentación que acredita a correspondente da relación coas persoas indicadas no apartado 2, 3 ou 4: | | |

Polo tanto, o número total de prazas que solicito é

para unha das quendas e destinos que indico a continuación por orde de preferencia:

| Orde de preferencia | Localidade (quenda) <i>(dispón de dous menús despregables por ringleira, cada un inclúe unha opción baleira e as demais opcións coa localidade e quenda)</i> | <i>Se solicita Ligüerre de Cinca ou Morillo de Tou e solicita menos de catro prazas, nesta columna pode indicar o nome doutra/o solicitante co que compartir, de mutuo acordo, un bungaló/ apartamento (deben coincidir a prioridade e mais a quenda)</i> |
|---------------------|---|---|
| 1ª | | |
| 2ª | | |
| 3ª | | |

A Coruña, de de 2010
(sinatura)

**Comisión para o Programa de Vacacións do PAS da UDC
Reitoría**



**Programa de Vacacións para o PAS da UDC
Curso 2009/2010 - Oferta de primavera
e oferta anticipada de verán para Palma de Mallorca**

Anexo II

Fax para aceptar/renunciar as prazas pre/adxudicadas no Programa de Vacacións para o PAS da UDC-Curso 2009/2010-Edición de primavera e anticipada a de verán en Palma de Mallorca

Dirixido á Comisión do Programa de Vacacións do PAS da UDC
Fax interno: 1067 (Reitoría)

| | |
|--------------------------|---|
| Nome | Número do documento oficial de identidade |
| Apelidos | |
| Posto que ocupa | Extensión telefónica |
| Centro ou dependencia | Fax interno |
| Teléfono/s particular/es | Enderezo electrónico |

Quero manifestar que das prazas que me pre/adxudican na edición de primavera/verán en Palma de Mallorca 2009-2010 do Programa de Vacacións para o PAS da UDC para aloxarme en do ao),

Acepto prazas. (*indique o número de prazas*)

Renuncio a prazas. (*indique o número de prazas. Se for unha renuncia parcial, debe indicar tamén a cales prazas renuncia: tipo de acompañante, idade etc*):

.....
.....
.....

....., de de 2010
(*sinatura*)